



ANEXO

O fondo de acción social para os empregados públicos está regulado na Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, que no seu artigo 3 posibilita o aboamento destas axudas para atender a persoas con discapacidade a cargo nunha contía máxima de 180 euros mensuais por cada persoa causante. As axudas que se convocan son as correspondentes ao ano 2023 e están dirixidas ao persoal funcionario, incluído o persoal docente e o profesorado de relixión, ademais de a determinado persoal laboral do V Convenio colectivo único en situación de servizo activo no momento de presentación de solicitudes ou xubilados no 2023. Concretamente, o seu ámbito de aplicación subxectivo circunscríbese ao persoal funcionario, que prestara servizos durante o ano 2023 nalgún dos órganos ou entidades da Administración xeral da Xunta de Galicia ou das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas na letra a) do artigo 45 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ademais de ao persoal docente non universitario e ao profesorado de relixión.

Ata a convocatoria de hai tres anos, o fondo de acción social contemplaba unhas axudas que só chegaban en determinados supostos a unha cantidade en cómputo anual equivalente á máxima permitida de 180 euros mensuais. O acordo alcanzado na comisión de persoal celebrada o día 23 de xullo de 2019 garante a concesión da axuda máxima de 2.160 € anuais, equivalente á máxima permitida pola lei, a todos os solicitantes, aínda que modulada, evidentemente, cos correspondentes rateos en función do momento de recoñecemento da discapacidade da persoa causante.

O Consello da Xunta de Galicia, oídos os representantes das organizacións sindicais CIG, CC.OO., CSI-F e UGT, representadas na Mesa Xeral de Negociación de Funcionarios e no Comité Intercentros do Persoal Laboral, en virtude do establecido no artigo 13.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, acorda autorizar os criterios de reparto e a convocatoria do Fondo de Acción Social para o exercicio económico do ano 2023 relativos á axuda para a atención de persoas con discapacidade.

Artigo 1.- *Obxecto.*

1. Este acordo ten por obxecto aprobar os criterios de reparto e a convocatoria do Fondo de Acción Social do persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia relativo á axuda para atención de persoas con discapacidade correspondente ao ano 2023.
2. O importe da axuda será de 2.160,00 € por causante, con rateo da dita cantidade para o caso de que o recoñecemento ou cualificación da discapacidade se producira con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2023 ou a convivencia non se mantivera durante todo o exercicio. A axuda aboarase na conta consignada para o ingreso da nómina.
3. Os créditos orzamentarios aos que se imputa a axuda están consignados na aplicación 23 04 124A 162.04 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de



Galicia para o ano 2024, que tamén se aplicará para o pagamento daquelas axudas denegadas en anos anteriores e recoñecidas posteriormente en vía administrativa ou xudicial.

Artigo 2.- *Ámbito de aplicación obxectivo.*

1. Poderán solicitar a axuda do fondo de acción social os empregados que prestaran servizos durante o ano 2023 nalgún dos órganos ou entidades a que se refiren as letras a) e c) do artigo 4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e que teñan a condición de:

a) Persoal funcionario de carreira ou persoal funcionario interino, incluído o persoal docente.

b) Persoal laboral do V convenio colectivo único que se atope nalgunha das seguintes situacións:

- Que teña a cargo un causante cun grao de discapacidade igual ou superior ao 75% e con rendas superiores a 14.000 € anuais en concepto de rendementos de traballo ou de prestación que teña tal consideración.

- Que cumpra os requisitos para ser beneficiario desta axuda e se lle denegara a prevista no artigo 35 do V Convenio colectivo.

- Que estivese adscrito a un posto de natureza fixa discontinua, caso no que terá dereito a percibir a parte proporcional da axuda correspondente aos períodos de inactividade.

c) Profesores de relixión.

2. Quedan expresamente excluídos do ámbito de aplicación deste acordo:

a) O persoal funcionario de carreira ou persoal funcionario interino cuxo cónxuxe teña a condición de persoal laboral e non estea incluído dentro da letra b) do apartado anterior.

b) O persoal ao que se refiren os artigos 9, 10, 11 e 12 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, coa excepción do disposto para o persoal laboral na letra b) do apartado anterior.

c) O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, así como o persoal procedente do Hospital Médico - Cirúrxico Provincial de Santiago, Sanatorio Psiquiátrico de Conxo, Hospital Provincial Santa María Nai de Ourense, Hospital Municipal Nicolás Peña de Vigo, Hospital Xeral Provincial de Pontevedra, Hospital Psiquiátrico Provincial O Rebullón de Pontevedra e Hospital Militar da Coruña.

3. No suposto de que dous empregados tivesen a condición de beneficiarios en relación ao mesmo causante, só un deles terá dereito a axuda.

Artigo 3.- *Ámbito subxectivo.*

Terá a condición de beneficiario da axuda o persoal incluído dentro do ámbito obxectivo de aplicación deste acordo que no prazo de presentación de solicitudes cumpra os seguintes requisitos:

1. Que se encontre en situación de servizo activo no período de presentación de solicitudes, incluídos os supostos de incapacidade temporal e períodos de



maternidade, paternidade, adopción, acollemento e risco de embarazo; en situación de suspensión de funcións ou de excedencia voluntaria con dereito a reserva de posto de traballo. Tamén terá a condición de beneficiario o persoal adscrito a postos de natureza descontinua que se atope no período de inactividade, así como os que se xubiláron en 2023, en proporción ao tempo en que estiveron en activo.

2. Que conviva co cónxuxe, parella de feito, fillos ou ascendentes de 1º grao por consanguinidade ou afinidade ou tutelados por sentenza xudicial firme:

a) Que teñan unha discapacidade física, psíquica ou sensorial recoñecida polo organismo competente antes do 1 de xaneiro de 2024 nun grao igual ou superior ao 75%.

b) Que teñan unha discapacidade física, psíquica ou sensorial recoñecida polo organismo competente antes do 1 de xaneiro de 2024 nun grao igual ou superior ao 33% e inferior ao 75% e perciba ingresos inferiores a 14.000 € anuais en concepto de rendementos de traballo ou de prestación que teña tal consideración.

Artigo 4.- *Incompatibilidades.*

A presente axuda é incompatible coa percepción con cargo a un mesmo causante doutras de natureza semellante concedidas pola Xunta de Galicia ou por outro organismo oficial ou empresa privada, incluída a prevista no artigo 35 do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, tanto si se percibiu como si, tendo dereito a percibila, non a tivera solicitada.

Artigo 5.- *Solicitudes.*

A solicitude será única, con independencia do número de causantes con discapacidade polos que se solicita a axuda, e xerárase de forma telemática desde internet: <http://www.xunta.es/dxftp/fas.htm>. Presentarase dentro do prazo dos dez días hábiles seguintes ao da publicación desta convocatoria no diario Oficial de Galicia no rexistro ou de forma dixital a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>) mediante trámite de solicitude xenérica, a través do servizo PR004A –Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado – e dirixíranse á Consellería de Facenda e Administración Pública, unidade Dirección Xeral da Función Pública. No obxecto do asunto indícarase: Convocatoria do fondo de acción social do ano 2023. Xunto coa solicitude achegaranse tamén as copias auténticas dos documentos que se esixen e das certificacións que xustifiquen os feitos que se aleguen.

Artigo 6.- *Comprobación de datos e documentación que se debe acompañar coa solicitude.*

1. A condición de beneficiario esixirá acreditar as seguintes circunstancias: a identidade do causante e o seu grao de discapacidade e data de recoñecemento; a convivencia do beneficiario e do causante; o parentesco ou suxeición a tutela e, se é o caso, os rendementos do traballo do causante.

Consultaranse automaticamente, sempre que as persoas interesadas e os causantes así o autoricen na solicitude, os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI ou NIE da persoa con discapacidade causante da axuda.



- b) Certificado de empadramento de beneficiario e causante.
- c) Recoñecemento do grao de discapacidade da persoa con discapacidade causante da axuda.
- d) IRPF da persoa con discapacidade causante da axuda correspondente ao exercicio de 2022.

2. No caso de non autorizar a consulta, deberán presentar os documentos correspondentes xunto coa solicitude. Para tales efectos, deberase acompañar con esta, segundo os casos, as copias que teñan a consideración legal de auténticas dos seguintes documentos:

- a) Identidade do causante: copia do DNI ou NIE do causante.
- b) Convivencia entre beneficiario e causante: certificado de empadramento.
- c) Grao de discapacidade e data de recoñecemento: certificado do grao de discapacidade do causante e da data de recoñecemento.
- d) Parentesco ou relación de tutela: o parentesco ou relación de parella de feito ou de tutela poderase acreditar, segundo os casos, mediante copia de todas as follas do libro de familia onde consten asentos, certificado literal de nacemento do solicitante ou do causante, certificado de matrimonio ou de inscrición no rexistro de parellas de feito, ou certificado literal de inscrición da tutela no Rexistro Civil.
- e) No caso de causantes cun grao de discapacidade inferior ao 75%, certificado de imputacións do IRPF ou certificado da pensión de xubilación correspondente ao exercicio do ano 2022 da persoa causante.
- f) No caso do persoal docente non universitario e profesorado de relixión, certificado da secretaría do centro de adscrición que acredite que teñen prestado servizos en tal condición no ano 2023 e que están en servizo activo no prazo de presentación de solicitudes.

3. Os interesados que foron beneficiarios da axuda correspondente ao exercicio 2022, salvo modificacións das circunstancias, estarán exentos de presentar a documentación indicada no punto anterior., excepto a correspondente á letra f).

Artigo 7.- Documentación complementaria.

Antes da publicación no Diario Oficial de Galicia do anuncio de exposicións das listaxes provisionais de admitidos e excluídos, a Dirección Xeral de Función Pública poderá requirir calquera outra documentación complementaria que considere necesaria e, en todo caso, solicitará das correspondentes unidades de persoal unha certificación que acredite, para o caso de beneficiarios coa condición de persoal laboral, que non percibiu durante o exercicio de 2023 a axuda do artigo 35 do V Convenio colectivo ou, se é o caso, de que a solicitou, da data de solicitude e de que lle foi denegada polo órgano competente.

Artigo 8.- Falsidades nas solicitudes.

1. As solicitudes presentadas ao abeiro da presente resolución terán o carácter de declaración responsable segundo o disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



De conformidade co dito precepto, a ocultación de datos, a falsidade na documentación achegada ou a omisión da requirida, darán lugar á denegación da axuda solicitada ou á perda da concedida, coa devolución, neste último caso, das cantidades indebidamente percibidas, con independencia das responsabilidades a que houbese lugar.

2. Así mesmo, poderá dar lugar, logo da proposta favorable da comisión de seguimento deste acordo, á imposibilidade de solicitar as axudas do fondo de acción social durante un prazo de 5 anos.

Artigo 9.- Publicidade das listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos.

1. As persoas solicitantes poderán consultar a situación da súa solicitude nas listaxes provisionais e definitivas na páxina web da Dirección Xeral da Función Pública <http://funcionpublica.xunta.es/?q=FAS>, introducindo nos espazos habilitados para o efecto o NIF e o código de impresión da súa solicitude.

2. A Dirección Xeral de Función Pública publicará no Diario Oficial de Galicia o anuncio de exposición das listaxes provisionais de admitidos e excluídos, con indicación neste último caso das causas de exclusión. Os interesados terán un prazo de dez días hábiles ao da publicación do anuncio no DOG para formular as reclamacións que estimen pertinentes e emendar os defectos motivo da exclusión provisional.

3 A Dirección Xeral de Función Pública publicará no Diario Oficial de Galicia o anuncio da exposición das listaxes definitivas de admitidos e excluídos, que determinará a estimación ou desestimación definitiva das solicitudes, con indicación da contía total da axuda.

4. A desestimación das solicitudes non esgota a vía administrativa e os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Facenda e Administración Pública, que poderá presentarse no prazo dun mes ante a dirección xeral de Función Pública ou ante o propio Conselleiro de Facenda e Administración Pública.

5. O prazo máximo para resolver as solicitudes especificadas neste acordo será de seis meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da finalización do prazo para reclamar contra as listaxes provisionais. O dito prazo poderá prorrogarse no caso de que o elevado número de solicitudes ou a concorrencia de circunstancias excepcionais así o requira. Se no prazo establecido non se resolvese o expediente, entenderase desestimada a solicitude.

Artigo 10.- Renuncia ás axudas.

A renuncia dos interesados ás axudas solicitadas ao abeiro desta resolución so poderá efectuarse ata o remate do prazo de reclamación contra as listaxes provisionais.

Artigo 11.- Axudas de anos anteriores.

As axudas denegadas en anos anteriores e que como consecuencia de resolución xudicial ou administrativa sexan estimadas pagaranse co cargo ao presente fondo de acción social.



Artigo 12.- Pervivencia da Axuda do artigo 35 do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia

O persoal funcionarizado que durante o ano 2023 que estivera a percibir a axuda prevista no artigo 35 do V do Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, continuará percibíndoa.

A tal efecto, a persoa interesada deberá solicitar a axuda á secretaria xeral técnica da consellería de destino no prazo de 1 mes dende a publicación das presentes bases. De cumprirse os requisitos para a súa percepción, a axuda será aboada, previa resolución da dita secretaría xeral técnica, con efectos económicos do día 1 de xaneiro de 2024 e con cargo ao concepto orzamentario que recolla as obrigas establecidas no artigo 35 do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Artigo 13.- Comisión de seguimento.

Constitúese unha comisión de seguimento encargada de realizar calquera interpretación ou aclaración das dúbidas que xurdan en relación con estas bases, que estará composta por un membro de cada organización sindical e un número igual de representantes da Administración. Actuará como presidente o titular da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais e como secretario un representante dos empregados públicos.